



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Organización municipal tras o cambio de Alcaldía. Xunta de Goberno Local. Modificación das competencias delegadas en materia de subvencións.

Expediente: 2025/X998/000057; 2026/G003/000376

Esteban Ares García, Alcalde do Concello de Lousame, no uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Antecedentes Administrativos:

A Corporación para o mandato 2023-2027, quedou constituída en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril), na que resultou elixida como Alcaldesa, dona M^a Teresa Villaverde Pais.

Logo da renuncia ao cargo de Alcaldesa efectuada por D^a M^a Teresa Villaverde Pais, da que se tomou coñecemento, na sesión plenaria do día 16/09/2025, procedeuse á elección da nova Alcaldía para o restante mandato Corporativo, na sesión plenaria do día 18/09/2025. Tras estes cambios, é procedente determinar un novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Mediante Resolución da Alcaldía 534/2025 do 23/09/2025 acordouse o nomeamento dos concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local, así como a delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

No Orzamento do exercicio 2026 introducíronse cambios na actividade subvencional do Concello de Lousame, coa tramitación das subvencións para festexos, en réxime de concorrencia competitiva, e a creación das axudas para a natalidade (en réxime de concorrencia non competitiva ou concesión directa), que obrigan a adaptar a resolución de delegación de competencias na XGL.

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Regulamento Orgánico Municipal, BOP núm. 294 do 22.12.2007 (ROM)
3. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Fundamentación xurídica:

Tal e como sinalan o artigo 23 da LRBRL e artigo 76.2 do ROM, corresponde á XGL:

- a) A Asistencia á Alcaldía, no exercicio das súas atribucións.
- b) As atribucións que a Alcaldía ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

Considerando que o artigo 77.2 do ROM de Lousame establece que corresponde á Alcaldía fixar mediante decreto a periodicidade e o día e a hora das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que a Alcaldía pode delegar parte das súas competencias na Xunta de Goberno local coas formalidades e requisitos establecidos nos artigos 43, 44, 45 e 114 a 118 do ROF

Por todo o anterior, **RESOLVO:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Primeiro: Modificar a delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, aprobada por Resolución da Alcaldía 534/2025 do 23/09/2025, no tocante ás Subvencións, do seguinte xeito:

“A Alcaldía delega na Xunta de Goberno Local as competencias da Alcaldía, relativas ás seguintes materias:

4. **Subvencións** (Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia): competencias en materia de subvencións suxeitas a un procedemento de concorrencia competitiva ou non competitiva/concesión directa (quedando excluídas, por tanto, as subvencións nominativas e as axudas de emerxencia social), en concreto:
- Aprobación da convocatoria e bases específicas.
 - Acordo de concesión ou denegación da subvención.
 - Acordo de verificación e aprobación da conta xustificativa.
 - Acordos de reintegro e imposición de sancións.
 - Calquera outro acordo relativo ao procedemento de concorrencia competitiva ou non competitiva/concesión directa.”

Segundo: A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ao da súa data e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, con indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal se poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda, dentro do prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro: Dar conta da presente Resolución ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, polo Alcalde, Esteban Ares García; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).